

# [Ceip Pérez Viondi]

[Versión 1.0\_ 10 xuño 2022]



# Índice do Plan Dixital

## 1.Introdución

- 1.1.Datos básicos do centro
- 1.2.Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3.Breve xustificación do mesmo
- 1.4.Proceso de elaboración

## 2.Situación de partida

- 2.1.Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3.Análise DAFO

## 3.Plan de Acción

- 3.1.Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4.Avaliación do PD

- 4.1.Seguimento do Plan de Acción
- 4.2.Propostas de mellora (revisión)

## 5.Difusión do PD

## 1.Introdución

### 1.1.Datos básicos do centro

CEIP PÉREZ VIONDI:

C/ Pérez Viondi, 46 A Estrada. 36680 Pontevedra

Email: [ceip.perez.viondi@edu.xunta.gal](mailto:ceip.perez.viondi@edu.xunta.gal)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipperezviondi/>

Etapas educativas: Educación infantil / Educación primaria

Nº alumnado: 402

Nº profesores: 34

### 1.2.Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

ANÁLISE DO CONTEXTO.- Características socioeconómicas e culturais da vila de A Estrada:

A vila de A Estrada é a capital do municipio do mesmo nome dende 1.937, ano de formación deste Concello. A súa prosperidade baseouse na puxante economía, no comercio e na industria, factor ó que contribuíu o feito de atoparse a Vila nun importante cruce de camiños. Ocupa unha superficie de 6,15 km<sup>2</sup> e ten unha poboación de ó redor de 9.519 habitantes.

A ESTRADA, parroquia, limita ó Norte coas de Toedo e Aguións, coas de Ouzande e Guimarei, polo Sur, polo Leste, con Lagartóns e polo Oeste, con Matalobos.

A Vila dista 42 km. de Pontevedra e 22 de Santiago de Compostela. Os seus habitantes, de procedencia maioritariamente rural, son, fundamentalmente, traballadores das fábricas de mobles, construción, automoción, confeccións, comercio, banca e servizos. Para cubri-las necesidades educativas escolares conta con tres Centros de Primaria (dous públicos e un concertado). Ademais hai na vila 4 institutos de ESO (un privado), Escola Taller, Conservatorio de Música e Biblioteca Municipal. No ámbito recreativo-cultural, A Estrada conta con dous pavillóns polideportivos e piscinas municipais, Escolas Deportivas, pistas de tenis e dous

campos de fútbol, salas de cine, teatro e museo. Son tradicionais as feiras de San Martiño e Pascua e a celebración do Entroido. As festas patronais celébranse en xuño.

O centro ven participando dende hai anos en diferentes plans e proxectos:

- Plan proxecta
- Contratos programa
- Programas de innovación educativa
- Plan de formación permanente do profesorado
- Voz Natura
- Reciclaxe SOGAMA

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización da normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- **Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación**
- **Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022**
- **Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022**
- **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022**

### 1.4. Proceso de elaboración

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.:

- **Novembro 2021: Selección dos membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.**
- **Decembro 2021: Realización do SELFIE polos tres grupos de participación (equipo directivo, profesorado e alumnado de 5º e 6º de Primaria)**
- **Febreiro 2022: Realización do test CDD por parte do profesorado do centro.**
- **Marzo 2022: Recompilación de datos (Informe SELFIE e informe test CDD), reflexión, grupos de discusión e debate entre os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital para a elaboración do DAFO.**
- **Abril/maio 2022: Deseño do plan de Acción; definir obxectivos e acción a seguir.**
- **Xuño 2022: Elaboración do Plan de Acción do centro.**

## 2.Situación de partida

### 2.1.Infraestructura, equipamento e servizos dixitais

- CEIP PÉREZ VIONDI, conta nestes momentos cunha conectividade insuficiente. Seis aulas conectadas vía cable ( aulas edixgal) e o resto sen conexión ou cunha conexión wifi moi deficiente o que provoca unha carencia absoluta no uso da rede.

O centro dispón de dúas edificacións ademais de pavillón e ximnasio, dispoñendo de cinco liñas de voz, tres dedicadas a parte administrativa, outra ao comedor e a última para o edificio principal.

- A nivel de equipamento dispoñemos:
  - Aulas dixitalizadas: Existen 22 aulas (9 aulas de Educación Infantil e 19 aulas de Educación Primaria) que teñen ordenador 21 (1 non ten e 5 son antigos ou funcionan mal en Educación Infantil e, 8 son antigos o funcional mal en Educación Primaria), encerado dixital ou canón 21 (1 non ten e 8 funcionan mal en Educación Infantil e, 9 funcionan mal en Educación Primaria) e moitas non dispoñen o presentan dificultades de conexión a internet. O seu uso está limitado pola conectividade. Dispóñense de 0 equipos para o alumnado. 0 outro material dixital.

- Proxecto edixgal: Seis aulas con P.A., encerado dixital (2 funcionan mal) e ordenador do profesor. Os ordenadores do alumnado presentan numerosos fallos técnicos.
- Equipos de xestión e administración: Cinco ordenadores incluíndo o do departamento de orientación, dedicados a xestión do centro. Catro dos equipos teñen un funcionamento errático dada a súa antigüidade.
- Biblioteca: Dispón de catro equipo, tres para o uso do alumnado e un para a xestión deste espazo. Este último cun funcionamento lento. 6 tabletas para o alumnado que non funcionan, son de moi mala calidade.
- Sala de profesores : O centro ten dúas estancias para o profesorado, na de educación infantil hai conexión cableada para un ordenador portátil moi antigo e cun funcionamento errático. En educación primaria dispoñemos de tres ordenadores que non funcionan e un portátil cun funcionamento adecuado. O seu uso céntrase, no traballo administrativo do profesorado, preparación de clases, consultas, traballo en equipo, impresión...
- Aulas de informática: O centro ten unha aula de informática dotada con 17 equipos, sen proxector nin encerado dixital.
- No que respecta ao servizos dixitais educativos, dispoñemos de web do centro, aula virtual, E-dixgal, espazo abalar e abalar móbil.
- A xestión e o mantemento do centro lévase a cabo por parte do equipo directivo e dunha empresa externa.

## 2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Resumo das áreas do informe SELFIE da etapa educativa de Primaria (inclúe E.Infantil) na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	1,9				
	Profesorado	2,4				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1,8				
	Profesorado	2,3				
	Alumnado	4				
	Equipo Direct.	2,1				

<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Profesorado	2,				
	Alumnado	3,9				
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	2,4				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	1,9				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	3,5				
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	2,4				
	Alumnado					
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,7				

Test CDD: información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	20	26	76,95%
<b>PROVISIONAL</b>	4	4	100%
<b>INTERINO</b>	1	1	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	4	50%
<b>OUTROS</b>	2	2	100%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
62	Explorador/a	76,4	Integradora (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF.</b>	44	Exploradora (A2)	68,2	Integradora (B1)
<b>PRI.</b>	69,4	Integradora (B1)	77	Integradora 8B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de	% de profesorado participante
--	-------------------------------	-------------------------------



	competencia	neste nivel
<b>Principiante (A1)</b>	4	13,8%
<b>Exploradora (A2)</b>	16	55,2%
<b>Integradora (B1)</b>	6	20,7%
<b>Experto(B2)</b>	1	3,4%
<b>Líder (C1)</b>	2	6,9%
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	29	100%

Outras fontes: "Mesas de discusión se debates" entre os 15 profesores/as conformantes do equipo de elaboración do PD.

### 2.3.Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. C2- Dispositivos dixitais para o ensino. As aulas edixgal están ben dotadas.</li> <li>2. C3-Acceso a internet (aulas Edixgal).</li> <li>3. C5- Asistencia técnica. As aulas edixgal dispoñen dun bo mantemento.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. C1- Infraestructura. O centro dispón de equipamento pouco homoxéneo a nivel de software e de hardware o que dificulta o mantemento.</li> <li>2. C5- Asistencia técnica. A pesar de dispoñer dunha asistencia técnica externa, esta é totalmente insuficiente as necesidades do centro.</li> </ol>
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. D2 – Participación en el DPC. O profesorado participa na formación no centro.</li> <li>2. E1 – Recursos educativos en liña. Un porcentaxe importante do profesorado busca e emprega estes recursos.</li> <li>3. Existe profesorado experimentado no traballo coas tecnoloxías dixitais.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. D2. Participación no DPC. O profesorado non aplica a formación recibida.</li> <li>2. Factores que limitan o uso das tecnoloxías. Falta de competencia dixital no profesorado. Pouco interese do profesorado nas tecnoloxías dixitais.</li> <li>3. Factores que limitan o uso das tecnoloxías. Parte do profesorado asume a tecnoloxía como unha perda de tempo.</li> <li>4. F6- Proxectos interdisciplinares. Falta de traballo en proxectos interdisciplinares.</li> </ol>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		

<b>ALUMNADO</b>	<p>1. C8 Dispositivos dixitais para a aprendizaxe. O alumnado edixgal dispón de equipamento individual.</p> <p>2. F4 -Implicación do alumnado. O alumnado é participativo nas actividades propostas.</p>	<p>1. C12- Brecha digital: Apoio para abordar retos. Alumnado con poucas competencias dixitais.</p> <p>2. C7- Protección de datos. Alumnado que pensa que traballa con seguridade coa tecnoloxía.</p>
<b>FAMILIAS</b>		
<b>OFERTA</b>		
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>1. Centro con dinamismo na realización de moitas actividades nas que participa todo o alumnado do centro.</p> <p>2. Realización dun plan dixital sinxelo que clarifique que queremos facer e como o imos a levar a cabo.</p>	<p>1. A1- Estratexia dixital. Non temos un proxecto común para levar a cabo un desenvolvemento das competencias dixitais.</p> <p>2. A2- Desenvolvemento da estratexia co profesorado. Hai unha falta de liderazgo para orientar cara onde queremos desenvolvernos.</p>

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<p>1. D1. Necesidades DPC. Posibilidade da formación a través de PFPP.</p> <p>2. C1 – Infraestruturas. Mellor dotación económica.</p>	<p>1. C1- Infraestrutura. As aulas do centro non están cableadas.</p> <p>2. C2- Dispositivos dixitais para a ensinanza. Non hai equipamento específico para alumnado con NEAE.</p> <p>3. C8- Dispositivos dixitais para a aprendizaxe. Falta de equipamento, ou equipamento obsoleto.</p> <p>4. C10- Dispositivos alumnado. Falta de equipamento para o uso por parte do alumnado.</p> <p>5. C14- Infraestrutura.- O centro ten dúas edificacións e un pavillón e un ximnasio. Creando problemas de conexión, mobilidade e de equipamento.</p>
	<b>LEXISLACIÓN</b>		<p>1. Exceso de burocracia. Provoca falta de tempo para a formación e para a preparación das clases.</p>
	<b>CONTORNA</b>	<p>1. D3- Intercambio de experiencias.</p>	<p>1. E4- Comunicación coa comunidade</p>

		Posibilidade de mudar a perspectiva do uso da tecnoloxía no ensino. Non e trata de facer o mesmo senón de poder facer cousas diferentes.	educativa. Falta de comunicación coa comunidade educativa. Páxina web mal organizada.
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		1. D1. Necesidades DPC. Formación pouco adaptada as necesidades do profesorado.

## Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

### 2.4.Obxectivos, indicadores e accións

Elaboración do Plan de Acción a partir da análise DAFO:

- Reflexións e creación de grupo de discusión para establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos que queremos conseguir. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg

Área de melloras. Colaboración e Redes (B):

Obxectivo1: Mellorar a web do centro.

Obxectivo2: Publicar a documentación do plans de centro.

Área de melloras. Desenvolvemento Profesional Continuo (D):

Obxectivo3: Formar ao profesorado, a través, dun pfpp e participar en programas e proxectos ofertados, durante dous anos académicos.

Área de melloras. Competencias Dixitais do Alumnado (H):

Obxectivo4: Elaborar un proxecto de alfabetización dixital no alumnado.

Área de melloras. "Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula (F)

Obxectivo5: Crear unha TV Escolar.

- Determinar as acción para conseguir cada obxectivo, e ata onde queremos chegar polo que, se establecen os indicadores e os seus valores de partida e chegada..

Exemplo:

Para o obxectivo 1: Mellorar a web do centro.

Indicador: Hai unha nova web.

Valor de partida: Web actual

Valor previsto e data: A web foi cambiada 30/06/2023

**Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa** que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

## 2.5.Necesidades de equipamento e de infraestructuras tecnolóxicas

O centro necesita unha renovación amplía do equipamento do centro, gran parte do dispoñible ten un funcionamento errático, está antigo e obsoleto.

Aulas do centro: Necesidade conexión cableada e wifi en todas as estancias do centro. O traballo diario de ensino-aprendizaxe necesita dunha conexión eficiente. Realizar tarefas online, utilizar as aulas virtuais, ver vídeos, escoitar música... son ferramentas que o profesorado necesita dispoñer para realizar tarefas que o alumnado necesita realizar.

A diversidade de equipos e nalgúns casos a súa antigüidade, provoca un gran número de fallos no funcionamento e un mantemento complexo.

Aulas de atención ao alumnado NEE: Son aulas pouco dotadas, dispoñen dun equipo informático, sen encerado dixital. Deben dispoñer de equipamento móbil, tablets, ordenadores táctiles, micrófonos, cámaras para poder aplicar o tipo de ensino que este alumnado necesita, na corrección de afasias, disfasias...

O profesorado necesita poder facer as xestión administrativas, a preparación das clases, a consulta de información, correo, preparación de vídeos, realización de tarefas online, creación de contidos ... dunha forma áxil e eficiente. Para iso é necesario ter unha dotación de equipos informáticos suficiente e cun funcionamento adecuado. As salas de profesores son o noso punto de traballo, de reunión, de preparación e polo tanto deben de dotarse co equipamento adecuado.

A biblioteca e unha estancia que cada vez cobra maior protagonismo no traballo diario do alumnado. Necesitamos dispoñer de tablets e de máis ordenadores, para facilitar a consulta e o traballo dos discentes do centro, adaptándonos as súas necesidades.

No que se refire a parte administrativa do centro, o uso de equipamento antigo provoca en primeiro lugar un problema de seguridade e finalmente un problema de axilidade no traballo, mala atención as familias.

LUGAR	PROBLEMA	NECESIDADE	USO
Centro	Mala conexión cableada e inalámbrica  Non hai servidor.	<u>Dotar a todas as estancias dunha conexión eficiente.</u>  <u>Servidor para o profesorado con acceso dende o centro e dende o</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Traballo alumnado e-dixital nas aulas específicas.</li> <li>✓ Realización de tarefas online, visión de vídeos, realización de tarefas,</li> </ul>

		<u>fogar.</u>	<p>acceso á aula virtual...</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Facilitar o manexo de documentación, tarefas, fichas e o traballo colaborativo entre o profesorado.</li> </ul>
Aulas non edixgal	<p>Equipamento antigo.</p> <p>Moitos problemas de funcionamento.</p> <p>0 Equipos para o alumnado.</p> <p>0 outro material dixital</p>	<p>○ <u>Infantil:</u></p> <p><u>7 Ordenadores</u></p> <p><u>9 Monitores interactivos</u></p> <p><u>24 Tabletas para o alumnado (Ipads)</u></p> <p><u>1 Altavoz portátil.</u></p> <p>○ <u>Primaria:</u></p> <p><u>8 Ordenadores</u></p> <p><u>19 Monitores Interactivos</u></p> <p><u>100 tabletas para o alumnado (Ipads)</u></p> <p>○ <u>Outro materia dixital/robótica:</u></p> <p><u>10 Placas "Makey-makey</u></p> <p><u>5 Microbit</u></p> <p><u>5 cámara USB HUE HD</u></p> <p><u>5 Microscopios dixitais USB</u></p> <p><u>5 micrófonos usb para tabletas e micrófono inalámbrico</u></p> <p><u>2 retroproxectores dixitais</u></p> <p><u>5 Altavoces</u></p> <p><u>5 camisetas realidade aumentada Educativa (Virtuali-tee)</u></p> <p><u>2 Varilla lebitadora</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Ensino do alumnado, presentacións, traballo diario na aula.</li> <li>✓ Observación, experimentación...</li> <li>✓ Implementación do aprendido a problemas reais.</li> <li>✓ Introducir a robótica como un ámbito de aprendizaxe na educación infantil e primaria.</li> <li>✓ Realizar actividades STEAM</li> <li>✓ Poder escoitar os vídeos reproducidos.</li> <li>✓ Poder gravar, editar e publicar vídeos</li> </ul>
Aulas abalar	<p>Los ordenadores para el profesorado es antiguo</p>	<p><u>6 ordenadores</u></p> <p><u>6 monitores interactivos</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desenvolvemento do traballo nas aulas</li> </ul>
Aulas NEE:	<p>Equipamento antigo.</p>	<p><u>2 equipos informáticos</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Atención ao alumnado NEE, corrección de afasias,</li> </ul>

Aula de PT Aula de AL	Falta de tablets, micrófonos...	<u>2 Monitores interactivos</u> <u>4 tabletas</u> <u>2 micrófonos</u> <u>Equipos específicos a necesidades especiaes</u>	disfasias...
Biblioteca	Equipo de xestión antigo. Falta de tablets.	<u>25 tabletas</u> <u>4 equipos informáticos.</u>	✓ Xestión de biblioteca. ✓ Consulta e traballo do alumnado.
Aula de Informática	17 Ordenadores	<u>9 ordenadores</u> <u>1 Monitor Interactivo</u>	✓ Traballo do alumnado ✓ Traballo do profesorado
Administración Secretaría Xefatura de Estudos, Dirección Dpto. De Orientación	Catro equipos antigos	<u>5 equipos informáticos</u>	✓ Xestión e administración do centro. ✓ Atención as familias.
Salas de profesores	Equipamento moi antigo ou non funciona	<u>6 ordenadores</u>	✓ Consulta, preparación de clases, traballo en equipo, realización de documentación de xestión...
Centro	Comunicacións entre edificios e coas familias.	<u>2 conexións de voz</u>	✓ Chamadas as familias, contacto con outro edificio...

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

<b>"Área/s de mellora": Colaboración e redes(B)</b>							
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Mellorar a web do centro.					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Directora					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Hai unha nova web.						
<b>Valor de partida</b>	Web actual						
<b>Valor previsto e data</b>	A web foi cambiada.					30/06/2023	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
<b>AO1.1: Formar equipo de organización e deseño. Equipo web: 1 membro do ED, 1 equipo tic, 1 titor primaria e 1 titor infantil.</b>	Xefatura de estudos	30/09/2022	Convocatoria	Acta de constitución do equipo	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO1.2: Elaborar un guión da organización da web do centro e escoller unha plantilla de deseño.</b>	Membro equipo TIC	20/12/2022	Horas de L.D. aos membros do equipo. Guión da web/plantillas de deseño,...	A plantilla de deseño foi creada	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO1.3: Realizar os cambios na web do centro.</b>	Membro equipo TIC	30/05/2023	Horas L.D. aos membros do equipo encargados da realización do traballo. Profesorado con coñecementos sobre o mañexo da páxina web	A web foi cambiada	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		



"Área/s de mellora": Colaboración e redes(B)						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Publicar a documentación dos plans de centro.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Directora				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	80% da documentación existente está publicada.					
<b>Valor de partida</b>	Non hai documentación publicada na web do centro.					
<b>Valor previsto e data</b>	100% das familias teñen acceso á documentación dende a WEB.			15/12/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1:Deseñar o espacio dos documentos na web.	Membro do equipo TIC	30/09/2023	Equipo WEB	Plantilla de deseño creada.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Decidir que documentos introducir.	Xefa de Estudos	30/11/2023	Documentos en PDF	Listado de documentos.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Informar as familias.	Xefa de Estudos	15/12/2023	Circulares	Mensaxería ás familias	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional continuo (D)</b>							
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Formar ao profesorado, a través dun pfpp e participar en programas e proxectos ofertados, durante dous cursos académicos.					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	70% do profesorado participa.						
<b>Valor de partida</b>	25% participa habitualmente na formación.						
<b>Valor previsto e data</b>	O 70 % do profesorado participa na formación e proxectos.				30/06/2024		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
<b>AO3.1: Elaborar un proxecto de alfabetización dixital do profesorado, e levalo a cabo.</b>	Coordinador pfpp	30/06/2023	CFR	Proxecto elaborado polo CFR O 70% do profesorado participa	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO3.2: Participar nun programa do Plan proxecta referido a Competencia Dixital</b>	Coordinador do Programa	30/06/2023	Material necesario dentro do programa	Participan 5 profesores	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO3.3: Participar nunha proposta ou iniciativa promovida pola Consellería de Educación como pode ser Digicraft ao longo de dous cursos</b>	Coordinador do Proxecto	30/06/2024	Materiais da Fundación Vodafone	Participan 5 profesores	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

**"Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado(H)**

<b>OBXECTIVO 4:</b>	Elaborar un proxecto de alfabetización dixital no alumnado.			Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	Directora			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Elaborar un documento coas directrices mínimas a lograr en cada curso e etapa no manexo das TIC.					
<b>Valor de partida</b>	0 proxecto ou documento					
<b>Valor previsto e data</b>	1Documento rematado, aprobado e levado a cabo.			30/04/2024		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1:Organizar unha charla coloquio para descubrir e perfilar que necesita dominar un alumno ao longo das diferentes etapas.	Coordinador grupo de traballo	01/02/2023	Crear un grupo de traballo, con algún experto, no que poder perfilar os obxectivos do proxecto.	Actas das sesións de traballo	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2:Elaborar unha proposta de documento e revisala por parte de toda a comunidade educativa.	Coordinador PD	31/03//2024	Reunións cos diferentes membros da comunidade educativa por parte dos membros do grupo de traballo.	Proposta creada.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3:Engadir os cambios necesarios ao proxecto e aprobalo no consello escolar.	Coordinador PD	15/04/2024	Grupo de traballo	1 documento elaborado	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4:Dar a coñecer o proxecto que formará parte do P.E.	Directora	30/04/2024	Web e RRSS	O Proxecto forma parte do PE	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula (F)</b>						
<b>OBXECTIVO 5:</b>	Crear unha TV Escolar.			Acadado		

<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	8 clases participan nun canal de TV escolar no que participa gran parte da comunidade escolar.					
<b>Valor de partida</b>	Participan 2 aulas na actualidade					
<b>Valor previsto e data</b>	6 aulas participan			20/6/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Solicitar os "Polos Creativos" para a dotación de recursos e materiais audiovisuais	Coordinador PD	01/07/2022	Proxecto creado e presentación para a súa posible concesión.	Polos creativos concedidos. 6 Aulas participan.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Formar ao profesorado no manexo dos ipad e o programa de montaxe.	Coordinador ViondiTv	30/05/2023	Ipads, micrófonos e soporte trípode para ipad. Duración dunhas 6 h.	Actas das sesións formativas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Formar un equipo de redacción.	Coordinador ViondiTv	30/10/ 2023	Formado polos titores dos cursos participantes. Reunións trimestrais ou mensuais.	Existe un grupo de redacción. Constitución.	Realizada	1.
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4: Crear os programas propostos e publicalos.	Coordinador ViondiTv	20/6/2023	Espazo de gravación.	6 aulas crean programas e os publican	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Valor do obxectivo previsto na data sinalada (consultar o seguimento das liñas de acción nas taboas elaboradas para cada obxectivo):

- Obxectivo 1: A web foi cambiada. 30/06/2023
- Obxectivo 2: 100% das familias teñen acceso á documentación dende a WEB. 15/12/2023
- Obxectivo 3: 1 Documento rematado, aprobado e levado a cabo 30/06/2024
- Obxectivo 4: 1 Documento rematado, aprobado e levado a cabo. 30/04/2024
- Obxectivo 5: 6 aulas participan na TV escolar. 20/06/2023

## 3. Difusión do plan

O cumprimento do Protocolo para a publicidade e difusión do Plan Dixital do centro entre toda a comunidade educativa é responsabilidade da Dirección:

- Información ao claustro do Plan Dixital a través do correo oficial da Consellería edu.xunta.gal e aprobalo en Consello Escolar. "5.2. No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro." Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e

implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

- Información a comunidade educativa coa publicación do Plan Dixital na web do Centro.
- Información ás familias de dita publicación por mensaxería Abalar.